



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	300
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2013
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 08/01/2013 - 00:00h ao 17/01/2013 - 00:00h

RESPONSABLE: []

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Impulsar a modernización e a reforma das nosas administracións pasa por optimizar a eficacia e eficiencia da súa actividade xestora e prestacional, obxectivo para cuxa realización devén imprescindible proporcionarlle ao conxunto dos empregados públicos unha formación de calidade e a posibilidade de adquirir as competencias e habilidades necesarias para o exercicio apto e responsable de funcións directivas.

De acordo con estes presupostos, a Escola Galega de Administración Pública (en diante, EGAP) convoca un curso para a obtención do diploma que habilita o dito exercicio na Administración autonómica galega, convocatoria que efectúa amparándose na lei que dá carta de natureza ao ente mencionado e na normativa reguladora para os efectos que aquí interesan. Nesta orde de consideracións, a cobertura aludida vén dada, dun lado, polo artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo; doutro, polo Decreto 294/1992, do 10 de setembro, polo que se regula o diploma de directiva/o, modificado polo Decreto 172/2011, do 4 de agosto.

Polo demais, coa convocatoria deste curso, a EGAP pretende satisfacer unha tripla finalidade: en primeiro termo, perseverar no labor de formar para servir, que ao mesmo tempo constitúe o máis emblemático dos principios reitores da actuación do ente; en segundo lugar, ofrecer unha formación á altura dos desafíos que suscita a xestión pública nun escenario de escaseza de recursos e de gobernanza policéntrica na Unión Europea; e en terceiro e último, facilitar a conciliación dos tempos persoais e laborais das posibles persoas destinatarias do programa, obxectivo que xustifica a alternancia da docencia presencial coa modalidade en liña ou de teleformación nos tres módulos en que se estrutura o seu contido.

Este curso está deseñado para, mediante un sistema de ensino-aprendizaxe adaptado ao perfil do conxunto dos participantes, completar os coñecementos e perfeccionar as competencias e habilidades do colectivo de empregados públicos que ocupan ou poidan ocupar postos directivos na Administración autonómica galega.

O curso pretende dotar as persoas destinatarias directas dos instrumentos e ferramentas de análise e de xestión necesarias para despreparar ao máximo as súas potencialidades de liderado, implantar a cultura da calidade pública e a mellora continua e optimizar a satisfacción do cliente-usuario de servizos públicos.

Do mesmo modo que lle ensinará ao persoal directivo público a pensar estratexicamente, a avaliar posibles alternativas, a tomar decisións e a planificar programas de implementación desas decisións, e familiarizaraos cos instrumentos e as ferramentas útiles para o control e a mellora da xestión, a avaliación de programas e as políticas públicas. Tamén os instruirá para sacarlles o máximo proveito ás súas habilidades de comunicación, de xestión dos equipos, de negociación e de xestión da crise.

Finalmente, pretende fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre o colectivo de empregados

públicos cunha traxectoria curricular e profesional de liderado, institucionalizar as redes de colaboración entre o persoal directivo público que desempeñe funcións e deteña responsabilidades nas distintas organizacións públicas ou departamentos da Administración autonómica e potenciar a cultura do público e o compromiso ético do colectivo de xestores públicos de alto nivel.

DESTINATARIOS

Poderá participar o persoal funcionario dos grupos A1 e A2, así como o persoal laboral fixo dos grupos I e II da Administración autonómica galega, sempre que estea en posesión dun título de licenciatura ou diplomatura universitaria, de enxeñaría ou enxeñaría técnica, de arquitectura ou arquitectura técnica, grao ou equivalente.

Dous terzos do total das prazas quedarán reservadas para as seguintes categorías:

- Persoal funcionario da Administración autonómica que estea comprendido no ámbito de aplicación do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.
- Persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma que estea ocupando postos de traballo de xestión sanitaria que non teñan carácter asistencial.
- Persoal laboral fixo incluído no ámbito do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Ás prazas do terzo restante poderá optar ademais:

- O restante persoal comprendido no ámbito de aplicación da Lei 17/1989, do 23 de outubro (sanitarios asistenciais).
- O persoal estatutario fixo do sistema público de saúde de Galicia.
- O persoal docente ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Serán requisitos necesarios para a realización do curso:

- a) Estar na data da convocatoria en posesión do título de licenciatura ou diplomatura universitaria.
- b) Estar en situación de servizo activo ou servizos especiais, de excedencia polo coidado dun fillo/a ou dun familiar, ou equivalente, en calquera das administracións públicas existentes en Galicia.
- c) Ter prestado un mínimo de tres anos de servizos na Administración.

PROGRAMA

Os contidos estrutúranse en tres módulos en torno aos tres tipos de actividades e responsabilidades do persoal directivo público: de análise estratéxica e toma de decisións, de xestión pública e de comunicación e negociación.

Módulo I. Análise estratéxica e toma de decisións (64 horas).

- Políticas públicas (8 horas de docencia presencial e 8 horas de teleformación).
- Xestión da información (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Técnicas de análise (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Pensamento estratéxico (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Toma de decisións (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Planificación e programación (8 horas de docencia presencial e 8 horas de teleformación).

Módulo II. Xestión pública (80 horas).

- Implementación de políticas públicas (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Nova xestión pública e servizos públicos I (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Xestión da calidade (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Mercadotecnia de servizos (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Nova xestión pública e servizos públicos II (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Recursos humanos (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Xestión de organizacións (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Xestión financeira (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Control de xestión (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Avaliación de políticas públicas (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).

Módulo III. Comunicación e negociación (56 horas).

- Liderado e comunicación (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Habilidades directivas (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Xestión de equipos (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).
- Xestión do tempo e prioridades (8 horas de docencia presencial).
- Negociación (8 horas de docencia presencial e 8 horas de teleformación).
- Xestión de conflitos (4 horas de docencia presencial e 4 horas de teleformación).

Traballo en equipo tutorado (100 horas).

Ademais, o alumnado preparará e defenderá publicamente un traballo en equipo (de 4 ou 5 persoas), co obxectivo de

analizar sistemáticamente un departamento ou unha organización pública da Administración autonómica de Galicia, realizará unha proposta de mellora e presentará un plan estratéxico e de dirección. Para iso, disporá dunha guía para a realización do traballo e dun sistema de titorías en que dará conta periodicamente dos seus avances e resolverá as súas dúbidas teóricas e metodolóxicas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección das persoas participantes no curso farase mediante a aplicación dun baremo, que se complementará coa realización dunha entrevista.

Valoraranse os seguintes méritos:

A posesión do título de doutoramento (1 punto).

A publicación de monografías ou artigos sobre temas relacionados coa Administración pública (ata 1,5 puntos).

O coñecemento dos idiomas galego e comunitarios debidamente acreditado (ata 1,5 puntos).

A experiencia nun posto para cuxo desempeño se requira o diploma de directiva/o, segundo a relación de postos de traballo (ata 2 puntos).

Outros méritos (ata 1 punto):

– A experiencia nun posto directivo no ámbito da empresa privada.

– A posesión de cursos específicos para o persoal directivo público impartidos por escolas ou institutos da Administración pública, nacionais ou estranxeiros, ou por entes públicos ou privados.

A entrevista estará orientada a determinar as condicións intelectuais, as calidades humanas e profesionais, así como a eventual capacidade de liderado e motivación. A puntuación máxima será de 3 puntos.

O número máximo de persoas admitidas será de 40. A selección das persoas participantes será realizada por unha comisión constituída para estes efectos.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 25/02/2013 a 01/07/2013

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JOSÉ LUIS BARREIRO RIVAS

MIGUEL ANXO BASTOS BOUBETA

ANXO CALVO SILVOSA

MARCIAL RODRIGUEZ TOAJAS

JOAN SUBIRATS HUMET

DAVID SANCHO ROYO

MARÍA NIEVES LAGARES DIEZ

ELOISA DEL PINO MATUTE

MARIA CACHARRO LOPEZ

Carles Ramió Matas

GUILLERMO MÁRQUEZ CRUZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS

Xoaquín Fernández Leiceaga

José Ramón Porto Pedrido

JOSÉ RAMÓN LETE LASA

RAMÓN QUIROGA LIMIA

MANUEL ARENILLA SÁEZ

María Teresa Cancelo Márquez

CRISTINA ARES CASTRO-CONDE

JOSÉ VÁZQUEZ PORTOMEÑE

XAVIER BALLART HERNÁNDEZ

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 4 (Informática): Os días 20 e 21 de maio de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: Os días 25 e 26 de febreiro de 16:00 a 20:30. Os días 04, 05, 11, 12, 18 e 19 de marzo de 16:00 a 20:30. Os días 01, 02, 08, 09, 15, 16, 22, 23, 29 e 30 de abril de 16:00 a 20:30. Os días 06, 07, 13, 14, 20, 21 e 27 de maio de 16:00 a 20:30. Os días 03, 04, 10, 17, 18 e 25 de xuño de 16:00 a 20:30. O día 01 de xullo de 16:00 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 7: Os días 27 e 28 de xuño de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 16 (antiga): Os días 05 e 19 de marzo de 16:00 a 20:30. Os días 16 e 30 de abril de 16:00 a 20:30. Os días 14 e 28 de maio de 16:00 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO A: Os días 20 e 21 de maio de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO B: Os días 05 e 19 de marzo de 16:00 a 20:30. O día 16 de abril de 16:00 a 20:30. Os días 17 e 24 de abril de 16:00 a 21:00. O día 30 de abril de 16:00 a 20:30. O día 14 de maio de 16:00 a 20:30. Os días 15 e 22 de maio de 16:00 a 21:00. Os días 26, 27 e 28 de xuño de 17:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEMINARIO C (antiga): Os días 05 e 19 de marzo de 16:00 a 20:30. Os días 16 e 30 de abril de 16:00 a 20:30. O día 14 de maio de 16:00 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA